

A CIBDÁ DE ARMEA I

Escavacións no xacemento galaico-romano do monte do Señoríño

Adolfo Fernández Fernández e Fermín Pérez Losada

(coordinadores científicos)

Universidade de Vigo

Servizo de Publicacións

2017

MONOGRAFÍAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO. HUMANIDADES E CIENCIAS
XURÍDICO-SOCIAIS, 117

Edición
Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo
Edificio da Biblioteca Central
Campus de Vigo
36310 Vigo

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2017
© Adolfo Fernández Fernández
© Fermín Pérez Losada
© Ilustración de cuberta:

ISBN: 978-84-8158-765-4
D.L.: VG 805-2017

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Para Manuel Losada, o catedrático de Armea

ÍNDICE

Saúdo. Coas intervencións arqueolóxicas no monte do Señorino desenterramos futuro (F. García Suárez, alcalde de Allariz)	9
Limiar. Susana Reboreda Morillo, decana da Facultade de Historia da Universidade de Vigo e investigadora do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT)	10
Parte I. Contextualización	13
Desde o achado ata o proxecto de I+D e o curso de verán de arqueoloxía (A. Fernández Fernández)	15
O conxunto arqueolóxico-histórico de Armea. Intervencións antigas e recentes (A. Fernández Fernández)	29
A conformación do espazo no poboamento no val da Rabeda e no val medio do Arnoia (M. Grande Rodríguez e M. X. Vázquez Mato)	43
Parte II. As intervencións arqueolóxicas	91
A intervención arqueolóxica do verán e do inverno de 2011 (A. Fernández, F. Pérez, M. Grande, M. Lago e M. X. Vázquez)	93
A intervención arqueolóxica do verán de 2012 (A. Fernández, F. Pérez, M. Grande, M. Lago e M. X. Vázquez)	123
Investigación e caracterización mediante técnicas xeofísicas do xacemento arqueolóxico do monte do Señorino (N. Caparrini Marín, M. Solla Carracelas, L. Díaz Vilariño e S. Lagüela López)	183
Protexendo un xacemento tras a súa escavación: o exemplo da actuación básica de conservación no monte do Señorino (M. Lago Cerviño)	199
Conxunto patrimonial de Armea: programa interpretativo (M. X. Vázquez Mato, B. Garrido Labrador e M. Gallego Alves)	215
Parte III. Os materiais arqueolóxicos	223
A cerámica galaico-romana (P. Valle Abad, L. Casal Fernández e A. Fernández Fernández)	225
Materiais arqueolóxicos relacionados coa actividade téxtil (A. A. Rodríguez Nóvoa)	249
Os materiais metálicos (M. Cortegoso Comesaña)	261
O vidro no xacemento galaico-romano do monte do Señorino (M. Xusto Rodríguez)	271
Materiais líticos (A. A. Rodríguez Nóvoa e P. Valle Abad)	279
Parte IV: Conclusión e interpretación	283
O xacemento residencial galaico-romano do monte do Señorino: síntese interpretativa (A. Fernández Fernández e F. Pérez Losada)	285
Bibliografía	315

SAÚDO

COAS INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS NO MONTE DO SEÑORIÑO DESENTERRAMOS FUTURO

Na estratexia levada a cabo polo goberno do Concello de Allariz sempre tivemos claro que con pasado é máis fácil ter futuro. Por iso puxemos sempre o obxectivo de dinamización económica, do desenvolvemento rural ao mesmo nivel que a recuperación do patrimonio cultural.

A parroquia de Santa Mariña de Augas Santas ten unha clara vocación cultural cun impresionante patrimonio material e inmaterial. Poucos lugares reúnen o encanto do patrimonio monumental e a beleza do contorno mesturado coa maxia, os ritos as lendas, as tradicións, que fan da parroquia un espazo único. A rehabilitación urbanística levada a cabo incrementa a beleza e o atractivo de Santa Mariña, e as escavacións no castro de Armea e no monte do Señoríño recolleron o testemuño das campañas dirixidas por Conde Valvís nos anos cincuenta na plataforma da Atalaia.

O achado do xacemento rupestre do monte do Señoríño que realizou o veciño de Armea Manuel Losada, propiciou un novo punto de interese moi preto do Forno da Santa e da Cibdá de Armea, así como tamén un vivo debate sobre a funcionalidade do conxunto. Desde o Concello de Allariz queremos recoñecer todas as achegas que están a facer posible este traballo de posta en valor do patrimonio cultural de Santa Mariña.

O convenio asinado coa Universidade de Vigo que inclúe a realización de campañas de escavación anuais no castro de Armea, vai permitir ter un coñecemento moito máis profundo deste conxunto e tamén o empeño e a ilusión dos profesores Adolfo Fernández e Fermín Pérez. Eles contaxian o seu entusiasmo e fan que cada ano traballemos con forza nese obxectivo de desenterrar futuro.

Os traballos publicados neste libro sobre o xacemento do monte do Señoríño son unha boa mostra da paixón e da profesionalidade con que a Universidade de Vigo se está a implicar neste ambicioso proxecto. Agardo que permitan afondar no coñecemento do noso pasado e sirvan para avanzar nas perspectivas de futuro.

Francisco García Suárez

Alcalde do Concello de Allariz

LIMIAR

É para min un pracer realizar o limiar deste volume, non só como decana da Facultade de Historia do Campus de Ourense da Universidade de Vigo, senón tamén como investigadora e profesora da área da temática presentada, Historia Antiga, e como colega dos editores, Adolfo e Fermín, no grupo de investigación do GEAAT.

Para empezar gustárame salientar unha serie de elementos que contribuíron, e quizais foron imprescindibles, para que nacesse esta publicación arredor dun lugar arqueolóxico e historicamente tan interesante como é a Cibdá de Armea e o seu contorno, no concello de Allariz. Así os albores deste longo camiño veñen da man dun cidadán que comunica un achado que considera relevante no monte do Señorío. Esta acción subliña a necesaria concienciación da veciñanza sobre a importancia de preservar o patrimonio propio e usar as canles adecuadas.

Dada a singularidade das estruturas atopadas, entra en xogo outra realidade moi presente nesta sociedade: o debate a través das redes sociais centrado na súa interpretación e orientado a dúas posibilidades. Estas dúas posibilidades eran que se tratase dun lugar de culto, é dicir, un santuario, ou un lugar residencial, de vivendas. Non hai posibilidade de confirmar ningunha hipótese se non se efectúa un estudo sistemático que inclúa tanto un proxecto arqueolóxico novo, como a revisión sistemática das investigacións precedentes.

Neste momento é cando aparece en escena outro mecanismo relevante, no Campus de Ourense, en xeral, e na Facultade de Historia, en particular: a colaboración entre a Universidade de Vigo e os concellos, principalmente, da provincia ourensá. Esta é unha sinerxía que desexo destacar porque cada vez se fai máis asidua e funcional ao resultar beneficiosa para todos os colectivos implicados: os concellos e as súas poboacións poden acceder a un coñecemento arqueolóxico e histórico rigoroso fornecido polo equipo investigador da facultade, que á súa vez amplía os seus obxectos de estudo; tamén o alumnado, xa que sempre colabora nestes traballos.

No caso de Allariz esta asociación foi pioneira ao materializarse, primeiro, nun convenio marco de colaboración entre este concello e a Universidade de Vigo; e a continuación, outro convenio específico, que delimitaba as funcións realizadas e, algo tamén moi importante, aseguraba, mediante un contrato de I+D, a súa continuidade no tempo por un espazo de catro anos (2015-2018).

O seguinte paso, desenvolvido con minuciosidade polas persoas responsables desta publicación, foi poñer en práctica a investigación arqueohistórica, con ese obxectivo dun aproveitamento máximo dos membros das institucións implicadas. Deste xeito, atendendo á necesaria rigorosidade, o proxecto pon en marcha os seguintes obxectivos:

1. Re-escavación da área xa escavada nos anos cincuenta con metodoloxías actuais.
2. Consolidación e conservación.
3. Múltiples actividades coa finalidade de difundir, principalmente entre a veciñanza do concello, pero tamén a outros grupos de interese, a importancia histórica e cultural do xacemento e da súa preservación, a partir da comprensión deste.
4. Oferta de prácticas externas, enfocadas principalmente ao alumnado, especialmente da Facultade de Historia, facilitando unha aprendizaxe que vai moito máis alá das actividades arqueolóxicas.
5. Catalogación da área.
6. Publicación dos resultados.

Nestas últimas dúas fases enmárcase a presente obra. De pouco valerían os esforzos mencionados previamente se non se chega ao punto de difundir os resultados, aspecto do cal a arqueoloxía do noroeste peninsular está moi necesitada. É fundamental dar a coñecer todos os aspectos científicos que enriquecerán o coñecemento da nosa prehistoria e historia antiga e que permitirán o avance das investigacións de xacementos con características similares.

Así, esta obra reúne, en catro apartados, os contidos máis significativos derivados do proxecto cun enfoque multidisciplinario, que non esquece os máis mínimos detalles. A primeira parte comeza coa descrición de todo o proceso, desde o momento do achado ata a materialización dos obxectivos, e explica o conxunto dos pasos desenvolvidos no espazo e no tempo. Esta contextualización inclúe tamén un estado da cuestión das escavacións arqueolóxicas previas en Santa Mariña de Augas Santas e un cadro xenérico de carácter histórico sobre este espazo en relación co mundo castrexo e coa romanización. O segundo bloque refírese ao presente proceso de intervención en varios ámbitos: arqueolóxico (descrición pormenorizada das escavacións), técnicas xeofísicas (estudo en profundidade do material do subsolo), conservación e restauración do xacemento e difusión cultural (posta en marcha de varias actividades de achegamento á cidadanía). Un terceiro bloque inclúe a presentación dos achados re-

cuperados no transcurso das escavacións, subdividido en materiais (cerámica, metal, vidro e líticos) e outro referido á actividade téxtil. Remata o volume cun capítulo que, baixo a epígrafe de «Conclusiones», inclúe unha síntese dos aspectos máis interesantes e un apartado interpretativo, onde se lanza unha hipótese contrastada cos datos sobre a posible finalidade dese xacemento con paralelos no territorio do noroeste peninsular. É preciso salientar que cada un destes apartados está magnificamente documentado con excelente aparato gráfico: fotografías, debuxos, mapas, planimetría e gráficos que ilustran e facilitan a comprensión textual.

Para rematar, cómpre dicir que resulta enormemente reconfortante comprobar que unha porcentaxe elevadísima de participantes deste proxecto e deste volume son estudantes ou egresadas e egresados da Facultade de Historia do Campus de Ourense.

Susana Reboreda Morillo

Decana da Facultade de Historia e investigadora do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT)

PARTE I
Contextualización

Desde o achado ata o proxecto de I+D e o curso de verán de arqueoloxía

Adolfo Fernández Fernández¹

Achado, discusión e proxecto...

Foi a principios do ano 2011 cando don Manuel Losada, veciño da aldea de Armea, descubriu de maneira fortuíta –cando ía na procura dos marcos dun terreo propiedade dunha veciña da aldea– unha serie de estruturas escavadas na rocha, nos propios penedos da ladeira leste do monte do Señoríño, a escasos tres metros do ramal do camiño de Santiago que descende cara a Ourense e moi preto do Forno da Santa e da propia Cibdá de Armea. O señor Manuel puxo rapidamente en coñecemento dos membros da Asociación de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas o achado e foron eles, en concreto o arqueólogo Juan Manuel González Carballo e o xeólogo da Universidade de Vigo José Ramón Seara Valero, os que redactaron a ficha de patrimonio (GA32001031), con data do 20 de febreiro. Nesta ficha recóllese a primeira interpretación do lugar, que os autores consideran como «os restos dun lugar marxinal de cultivo» e adscribno á época galaico-romana, ao abeiro dos escasos materiais identificados en superficie: «tégulas de tipo plano e fragmentos de ímbrices». No entanto, o achado quedou silenciado máis dun mes ata que o día 20 de marzo o xornalista Manuel Gago publicaba no seu blog un vídeo onde o veciño de Armea, don Manuel Losada, explicaba o acontecer do achado. Amais, o coñecido blogueiro afirmaba que os restos de estruturas rupestres visibles entre a maleza do monte, logo da limpeza do señor Manuel, constituían o primeiro santuario galaico-romano de Galicia pola súa semellanza cos coñecidos de Panoias e Argeriz, ambos os dous sitios no norte de Portugal² (fig. 1 e 2).

¹Talentia postdoc Research contract. Program Marie Sklodowska-Curie actions. Campus do Mar da Universidade de Vigo. Researcher of UI&D - Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigiüidade e Territorio (GEAAT). Universidade de Vigo. Researcher of UI&D-Centro de Estudos Clássicos e Humanísticos da Universidade de Coimbra.

²Pódese visualizar este primeiro vídeo no seguinte enlace: <https://vimeo.com/21254268>.




Figura 1. Planta do xacemento de Pias dos Mouros (Argeriz, Valpaços)³.



Figura 2. Santuario de Panoias (Vila Real)⁴.

³Santos Júnior *et al.* (1989: 379).

⁴<http://www.culturanoorte.pt/pt/patrimonio/santuario-de-panoias/>

Será esta posible identificación cun lugar de culto prerromano o que faga que os medios da comunidade galega se interesen polo achado e que comece un longo debate sobre a funcionalidade do conxunto⁵. Nesta discusión científica, e de gran valor construtivo, participaron, entre outros, o profesor Antonio Rodríguez Colmenero, quen visitou o lugar xunto cos membros da Universidade de Vigo (fig. 3). Este investigador non desbotou a posible funcionalidade cultural do sitio, aínda que aconsellaba ser cautos ata desenvolver a campaña de escavación, xa que entre os restos visibles, segundo el, se adiviñaban negativos do que poderían ser construcións residenciais.



Figura 3. O profesor A. Rodríguez Colmenero durante a súa visita ao monte do Señoríño.

Pola contra, o profesor da Universidade de Santiago de Compostela Marco Virgilio García Quintela non dubidaba, mesmo diante das cámaras da RTVG, en identificar as estruturas rupestres do monte do Señoríño como un «santuario rupestre do tipo ben coñecido en Portugal». Daquela, os medios de comunicación xa se dirixían ao laboratorio de arqueoloxía da Universidade de Vigo (LAUV) pois era sabido pola comunidade científica que, a petición do Concello de Allariz, a Universidade de Vigo

⁵ Para máis información sobre o decorrer da historia do achado pódense consultar as plataformas dixitais dinámicas do LAUV-GEAAT: <http://lauv-web.blogspot.com.es/> e do proxecto da Universidade de Vigo: <https://proxectoarnea.wordpress.com>. Para unha listaxe das continuas aparicións en prensa do xacemento e do proxecto véxase: <https://proxectoarnea.wordpress.com/nos-medios/>.

estaba a redactar un proxecto integral de intervención e de posta en valor do conxunto de Armea-Santa Mariña de Augas Santas.

Naquel intre, non poderíamos aclarar moito sobre a funcionalidade do xacemento, e limitabámonos á súa descrición, localizado na faldra do pequeno curuto designado pola veciñanza como monte do Señoríño, o mesmo onde se atopaba o Carballo da Santa e a Pedra da Orella, dous lugares relacionados co culto ancestral a Santa Mariña. As estruturas rupestres, escavadas directamente sobre a rocha, distribuíanse en tres socialcos ou plataformas orientadas ao leste, na marxe esquerda do Camiño de Santiago en dirección a Ourense. A plataforma central é a que se atopaba máis visible, mentres que a inferior e a superior quedaban totalmente cubertas por terra e por vexetación. Daquela, describimos o xacemento do seguinte xeito:

En cada bancal identifícanse estruturas cuadrangulares, con importantes chanzos a modo de bancos corridos na parte oeste de cada espazo, delimitados por escaleiras, das que se atopan á vista dous tramos que parecen comunicar as diferentes plataformas. No socialco central, onde a estrutura se atopa máis visible, pódese observar parte do chan –alisado na propia rocha– que aparece roto polo que poderían ser canalizacións, que rematan en dúas –ou máis– pías escavadas desde o nivel do chan e hoxe recheas de terra. A estrutura conserva restos dunha coidada labra en retícula, que incluso podería funcionar como elemento decorativo. O conxunto parece estenderse cara ás marxes norte e sur da zona visible, ata uns límites imposibles de concretar sen unha limpeza e roza da vexetación. Non obstante, pódese apreciar claramente como as estruturas rupestres da plataforma inferior se estenden cara ao norte –en dirección ao castro de Armea– baixo o muro delimitador das fincas. Nesta parcela, hoxe cuberta por tupida vexetación –sobre todo de xestas–, localízase nun penedo unha pequena pía rectangular e unha serie de rebaixas imposibles de interpretar, que dan continuidade ao xacemento.

Todo isto quedou plasmado nun bosquexo, hoxe documento interesante aínda que totalmente desactualizado (fig. 4).

Perante esta realidade, pouco máis se podía dicir que o xa dito. O abano de posibilidades para a funcionalidade e incluso para a adscrición cultural das estruturas do monte do Señoríño abríanse daquela con innumerables posibilidades, que só poderían ser esclarecidas cunha intervención e cunha profunda investigación arqueolóxica como as que posteriormente se levaron a cabo desde o LAUV-GEAAT, promovidas polo Concello de Allariz.




Figura 4. Bosquexo cos restos visibles na primavera de 2011.

No entanto, a discusión seguiu nos medios e nas redes sociais, ata o punto de publicarse dúas interpretacións, unha que sinalaba o xacemento como lugar de culto, considerada como a institucional, e outra que consideraba as ruínas do monte do Señorino como un xacemento residencial e produtivo (un tipo de lugar denominado *villa*) da época romana. Esta interpretación, defendida polas persoas responsables de levantar a ficha para o catálogo de Patrimonio, quedou plasmada nunha publicación divulgativa pero de grande importancia na provincia, como é o suplemento cultural «Auria», do xornal ourensán *La Región*⁶. Ata o xornal *El País* se fixo eco destas diferenzas nun artigo publicado en xuño de 2011⁷, o que derivou nunha resposta desde o LAUV en forma de comunicado, onde aclaraba en todo momento que non existía unha versión oficial e que o que acontecía non era outra cousa que a normal discusión entre colegas sobre aspectos puramente científicos. Ademais, sinalábase que ata o remate da intervención arqueolóxica, prevista para ese mesmo verán, non se podería dar unha resposta satisfactoria a esta e a outras cuestións formuladas sobre o xacemento do monte do Señorino⁸.

⁶<http://issuu.com/martinxvm/docs/armae-auria?e=0>

⁷http://elpais.com/diario/2011/06/17/galicia/1308305909_850215.html

⁸<http://lauv-web.blogspot.com.es/2011/06/proxecto-armae-2011-sobre-as-notas-de.html>

Nese intre, o Concello de Allariz xa lle encargara á Universidade de Vigo un proxecto para intervir no xacemento no verán de 2011. No entanto, durante as semanas previas, continuou a profusa aparición da noticia nos medios de comunicación clásicos (radio, televisión e prensa escrita) con conexións en horario de máxima audiencia incluídas desde a aldea de Armea e reportaxes onde o descubridor do xacemento, don Manuel Losada, desempeñou un papel protagonista (fig. 5).



Figura 5. Momento dunha das entrevistas realizadas a Manuel Losada.

O proxecto de I + D, asinado na primavera de 2011 entre o Concello de Allariz e a Universidade de Vigo⁹, procuraba como obxectivos investigar, conservar e valorar o ben cultural do monte do Señoríño. Como se mencionou anteriormente, naquel momento o xacemento non contaba cunha interpretación satisfactoria, debido ao estado de exhumación parcial no cal se atopaba. Por iso, a escavación arqueolóxica centrada na zona parcialmente á vista, a profunda prospección de todo o monte do Señoríño e o

⁹Proxecto de intervención arqueolóxica no conxunto rupestre do monte do Señoríño-castro de Armea (Santa Mariña de Augas Santas, Allariz, Ourense) (Ct 102a 2011/247-0).

sistemático rexistro das estruturas rupestres e do material arqueolóxico que se puidese atopar baixo a vexetación e os niveis arqueolóxicos, podía levar a unha interpretación correcta do achado. Ademais disto, a propia escavación arqueolóxica significaba a adecuada conservación do sitio, ao tratarse de estruturas rupestres que a priori non necesitaban dunha importante intervención de restauración para asegurar a súa correcta conservación ao aire libre. A escavación incluída no proxecto cumpriría, polo tanto, un dobre obxectivo: o de interpretar cientificamente o ben e o de protexelo, xa que desde a súa aparición nos medios o xacemento viña sendo obxecto de continuas remexeduras de terra e da retirada da vexetación por parte dos e das visitantes, que prexudicaba directamente a potencial información científica.

O proxecto de I + D, codirixido por Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández, contaba cunha parte de intervención de campo que foi aproveitada para implantar un curso de arqueoloxía de campo, dirixido esencialmente a estudantes da Licenciatura en Historia do Campus de Ourense, aínda que posteriormente se abriu á participación de alumnado doutras universidades galegas e peninsulares¹⁰. Durante a campaña establecéronse visitas guiadas aos traballos de escavación, seguindo o modelo de «aberto por obras», que tivo unha grande acollida por parte da veciñanza de Santa Mariña e do resto do concello de Allariz¹¹.

¹⁰ Logo de case dez anos sen existir este tipo de oportunidades na nosa comunidade (os proxectos de Toralla e Elviña foron os últimos), o curso de Armea dáballe de novo a posibilidade ao alumnado de Historia das universidades galegas de participar e formarse como arqueólogos nunha escavación académica en Galicia. De feito, desde aquela Armea erixiuse como un auténtico referente nacional para a escavación arqueolóxica académica con estudantes, recibindo cada ano dúcias de solicitudes de practicamente todas as facultades españolas e portuguesas. O equipo desta campaña estivo formado por: Director da intervención: Adolfo Fernández Fernández; polos directores científicos Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández; pola directora dos traballos de conservación-restauración: Marta Lago Cerviño; polos arqueólogos Manuel Grande Rodríguez e Martín X. Vázquez Mato; e polas alumnas e alumnos Alba Antía Rodríguez Nóvoa, Alberto Outeiriño Rodríguez, Eduardo Pereiras Rodríguez, Estefanía Muñoz Galera, José Luís Pena García, Laura Casal Fernández, Marta López López, Monserrat Delgado Borrajo, Natalia Estévez Cruz, Olalla Prado Nóvoa, Patricia Valle Abad e Sabela Pindusa Martínez Rodríguez.

¹¹Para coñecer máis sobre o programa de difusión dos traballos véxase o capítulo consagrado a estes aspectos neste volume.

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓGICA NO CONXUNTO RUPESTRE DO MONTE DO SEÑORIÑO (SANTA MARÍA DE AUGAS SANTAS, ALLARIZ)

DATAS: do 4 ao 22 de Xullo de 2011
XORNADA: de 9:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00



@i voluntari@i participarán nunha intervención arqueolóxica que desenvolverá o Laboratorio de Arqueoloxía da Universidade de Vigo-Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antiquidade e Territorio entre o 4 e 22 de Xullo na canteira do Castro de Armea sito na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas (Allariz).
@i participantes terán a posibilidade de formarse xunto a equipo técnico nos labores de escavación, levantamento planimétrico, na conservación e restauración, rexistro e tratamento de materiais arqueolóxicos.
Os gastos de desprazamento (Ourense-Armea-Ourense) e máis a manutención correrá a cargo da organización.
Oñtázanse 5 prazas. Para inscribirse enviar un correo electrónico a laez-web@uvigo.es asinando un breve Currículo Vitae ata o **Luns 27 de Xuíño de 2011**.

*A organización expedirá un documento acreditativo da realización destas actividades.
* máis info sobre o xacemento: <http://laez-web.blogspot.com/2011/03/visitas-un-xacemento-romano-en-parroquia-de-santa>



INTERVENCIÓN ARQUEOLÓGICA E DE CONSERVACIÓN BÁSICA NO CONXUNTO RUPESTRE DO MONTE DO SEÑORIÑO-CASTRO DE ARMEA

DATAS: do 2 ao 27 de Xullo de 2012 / XORNADA: de 9:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00



...moito máis que arqueoloxía!!

@i voluntari@i participarán nunha intervención arqueolóxica que desenvolverá o Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antiquidade e Territorio entre o 2 e 27 de Xullo na canteira do Castro de Armea sito na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas (Allariz). <http://prazas.uvigo.es/>
@i participantes terán a posibilidade de formarse xunto ao equipo técnico nos labores de escavación, levantamento planimétrico, na conservación e restauración, rexistro e tratamento de materiais arqueolóxicos.
Os gastos de desprazamento (Ourense-Allariz-Armea-Ourense) e máis a manutención correrá a cargo da organización.
Oñtázanse 12 prazas. Para inscribirse enviar un correo electrónico a arnea2012@gmail.com asinando un breve Currículo Vitae ata o **Venres 22 de Xuíño de 2012**.

*A organización expedirá un documento acreditativo da realización destas actividades.
* máis info sobre o xacemento: <http://vimeo.com/27301742>

Figura 6. Carteis informativos para a inscrición nas intervencións arqueolóxicas de 2011 e 2012.

**POR FAVOR NON PASAR,
RESPECTE O VALADO.**



ESTO É UNHA ESCAVACIÓN ARQUEOLÓGICA. SE ESTAS INTERESADO/A NO QUE FACEMOS E QUERES COÑECER O XACEMENTO ACHÉGATE OS DÍAS DE VISITA.

(Martes ás 11 e Xoves ás 17)

Figura 7. Cartel informativo que publicita as visitas ao xacemento.

A escavación de 2011 sacou á luz unha importante zona do xacemento, pero o máis importante foi constatar que as súas dimensións eran moito maiores e que non só se trataban de estruturas rupestres, senón que tamén existían en determinadas zonas restos de muros de cachotaría e zonas fondas con importantes depósitos. Isto fixo necesario afrontar unha campaña de conservación básica dos restos exhumados, que decorrería en decembro dese mesmo ano, baixo o amparo dun novo contrato de I + D¹². Tamén a finais de 2011 se presentaron os primeiros resultados en palestras de Allariz e Cambre, sen poder asegurar aínda a funcionalidade do xacemento. No entanto, a tese de que se trataba dun lugar de culto continuaba vixente, especialmente nas redes sociais¹³, algo que por outra banda non se alimentaba desde o equipo da Universidade de Vigo ao ser conscientes da complexidade do xacemento.

Do mesmo xeito, os citados resultados e a boa disposición do Concello de Allariz para proseguir co proxecto levou a asinar un novo e máis ambicioso proxecto de I + D na primavera de 2012, para desenvolver unha nova escavación do sitio nese mesmo verán¹⁴. O formato da intervención foi o mesmo ca o aplicado un ano antes, como curso do verán, só que nesta ocasión as vacantes para o alumnado eran moitas máis, repartidos en dúas quendas de tres semanas, xa que a intervención duraría un mes e medio¹⁵. Tamén se ofertaron visitas guiadas aos traballos de escavación, aos que seguiron inmediatamente os traballos de conservación básica do xacemento, dirixidos por Marta Lago Cerviño. Todos os traballos, tanto os da campaña de 2011 como os da campaña de 2012, puidéronse seguir case «en directo» polas plataformas do LAUV, o que posibilitaba coñecer as novidades da intervención e, propiciaba tamén a participación e a discusión na sociedade¹⁶.

¹²Proxecto de intervención básica de conservación no conxunto rupestre do monte do Señorío-castro de Armea (Santa Mariña de Augas Santas, Allariz, Ourense) (Ct 102a 2011/567-0).

¹³O propio Manuel Gago visitou o xacemento durante a campaña de 2011, e posteriormente realizou unha entrada no seu blog, onde continuaba a caracterizar o monte do Señorío como un santuario prerromano: <http://www.manuelgago.org/blog/index.php/2011/07/21/o-santuario-castrexo-de-arnea-un-gran-complexo-por-descubrir/>

¹⁴Intervención arqueolóxica e de conservación básica no conxunto rupestre do monte do Señorío-castro de Armea (Santa Mariña de Augas Santas, Allariz, Ourense) (Ct 102a 2012/235-0).

¹⁵O equipo desta campaña estivo formado polo director da intervención Adolfo Fernández Fernández; polos directores científicos Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández; pola directora dos traballos de conservación-restauración Marta Lago Cerviño; polos arqueólogos Manuel Grande Rodríguez e Martín X. Vázquez Mato; e polas alumnas e alumnos Alba Losada García, Alba Antía Rodríguez Nóvoa, Belén Gómez Manso, Daniel del Río Piñeiro, David Morenza Arias, Eduardo Pereiras Rodríguez, Emilio J. Martínez Conde, Ernesto Muleiro Pontes, Laura Casal Fernández, Laura Vázquez Fernández, M^a Ángeles Canchal Quintela, María Jardón Novo, Natalia Estévez Cruz, Olalla Prado Nóvoa, Patricia Gallego Estévez, Patricia Valle Abad e Xavier Vieira Cid.

¹⁶Para a campaña de 2011: <http://lauv-web.blogspot.com.es/>. Para a campaña de 2012: <https://proxectoar-meia.wordpress.com>. Para visualizar os audiovisuais: <https://www.youtube.com/user/LAUVGEAA/videos>



Figura 8. Parte do equipo da campaña de 2011.



Figura 9. Parte do equipo da campaña de 2012.

Durante o ano 2013 estudáronse todos os restos e as informacións recuperadas durante as campañas de 2011 e 2012, o que deu lugar ás primeiras participacións

en congresos especializados e a presentación dos primeiros resultados¹⁷. Os citados resultados avogaban, xa daquela, pola interpretación do xacemento como un lugar residencial romano *ex novo* con funcións administrativas, descartando un uso cultural do lugar e unha datación prerromana, sempre sinalando que polo momento non se trataban de datos definitivos, xa que o sitio aínda se atopaba en fase de estudio.

Tamén se colocaron en 2013 no xacemento dous paneis explicativos/divulgativos para facilitar a comprensión do sitio, xa que non se afrontou a cabo unha musealización profunda. O xacemento foi perdendo importancia nos medios tradicionais e nas redes sociais¹⁸ a medida que a tese cultural ía desbotándose e de que o proxecto se pechase a finais de 2013 de mutuo acordo entre a Universidade de Vigo e o Concello, que procuraban centrar os esforzos para os seguintes anos na Cibdá de Armea. Así, quedou pendente naquel intre a elaboración dun proxecto de musealización para o monte do Señoríño, sempre e cando os terreos onde se atopan os restos pasasen á propiedade municipal¹⁹.

¹⁷Destáquese a participación en:

-Simpósio Internacional Sociedade, Cultura e Economía nas Regiões Serranas da Hispânia Romana, coa comunicación «Las excavaciones en el Monte do Señoríño: redescubriendo el conjunto arqueológico de Armea–Santa Mariña de Augas Santas (Allariz, Ourense)».

- XVIII CIAC: Centro y Periferia en el Mundo Clásico (Centre and periphery in the ancient world), coa comunicación «Monte do Señoríño (Armea–Allariz): un nuevo asentamiento de inicios de la romanización en el noroeste peninsular».

- II Congreso Internacional da SECAH–Ex Officina Hispana, coa comunicación «La cerámica galaico-romana de Armea (Allariz). Monte do Señoríño y castro de Armea».

¹⁸Algún dos exemplos da subsistencia do xacemento en internet, neste caso recollendo as informacións achegadas desde a Universidade de Vigo: <http://jesus-manuel.com/2015/09/11/1254/>.

¹⁹Véxase o capítulo «O futuro do xacemento: un novo valor ao conxunto de Armea», neste mesmo traballo.



Figura 10. Estado actual do xacemento (foto: Jesús Manuel García Díaz).

O presente e o futuro do xacemento

En xaneiro de 2014, o xacemento presentaba unha imaxe definitiva, pero provisional (fig. 10). Definitiva, xa que o proxecto rematara e non estaban previstas novas actuacións ata que o terreo pasase, mediante algunha fórmula, á propiedade municipal. Provisional, xa que sobre a mesa estaba a posibilidade de acometer nun futuro próximo unha actuación de musealización, sempre que se cumprise a condición anteriormente sinalada.

No entanto, o xacemento do monte do Señorino ficou xa como un novo valor visitable do conxunto arqueolóxico de Armea, un novo xacemento dentro dunha ruta pedestre histórico-artística que, de xeito circular e con partida e regreso en Santa Mariña de Augas Santas, percorre, entre fito e fito arqueolóxico, por camiños romanos e medievais as fragas do contorno da aldea de Armea: Forno da Santa/basílica da Ascensión, Pioucas da Santa, outeiro dos Pendóns, a Atalaia, monte do Señorino, aldea de Armea e volta cara a Santa Mariña, onde a súa igrexa e os restos arqueolóxicos que custodia marcan o inicio e o final da ruta. Para iso, colocáronse dous paneis explicativos, un para presentar o xacemento e outro para interpretar os restos, que cada visitante pode ver *in situ*. O obxectivo era informar para que se puidese interpretar e

comprender os restos conservados, xa que sen información o xacemento –debido ao seu grao de conservación en cimentación ou mesmo en negativos destas– é indescifrábel polo público en xeral e incluso para os/as especialistas.

A día de hoxe, o xacemento presenta moitos dos problemas doutros sitios arqueolóxicos: o mantemento, que deriva en que nalgúns momentos do ano as ruínas non sexan visibles debido á maleza que as cobre e, a pesar dos paneis, unha escasa e insuficiente información. A isto, hai que unirle a enorme presión humana á que está sometido –ao igual ca os demais restos arqueolóxicos–, xa que cada ano pasan por Armea máis de cinco mil persoas, que na súa maioría realizan a visita/ruta de xeito libre²⁰.

En 2015, a situación muda ao abrirse a posibilidade –ata ese momento pechada– de que as propiedades onde se atopan os restos arqueolóxicos exhumados pasen a ao Concello de Allariz. Isto reabre o debate sobre «o que facer no xacemento» para paliar as limitacións interpretativas coas que se atopa hoxe cada visitante que percorre a ruta arqueolóxica. Para iso, comezouse un período de debate e de reflexión entre o Concello de Allariz e a Universidade de Vigo sobre como actuar, xa que o que non está en dúbida é que o monte do Señoríño precisa de algo «máis» que mellore o seu estado actual.

E así andamos hoxe, reflexionando entre unha musealización «dura», tradicional –con remedramento de muros ata o nivel de uso, recuperación de pavimentos e vans etc.–, utilizando a pedra do propio xacemento ou a recuperada na veciña Atalaia da *Cibdá*, co que iso supón no contorno inmediato; ou unha musealización «suave» –na liña das actuacións precedentes– con algunha actuación sobre as estruturas –pero sempre mínima e sen alterar demasiado o seu volume actual–, que facilite a súa comprensión pero, sobre todo, reforce o xacemento de máis e de mellor información: paneis tradicionais, recreacións, realidade aumentada etc.

Calquera das opcións significará unha mellora para o xacemento, aínda que polo momento seguimos no período de reflexión.

²⁰Esta cifra estimada de visitantes foi achegada polos membros da cooperativa Xeitura, que ofertan e realizan visitas guiadas ao conxunto durante todo o ano e son os que realmente coñecen a realidade dos e das visitantes que se achegan ata Armea.

CONXUNTO RUPESTRE DO MONTE DO SEÑORIÑO

Un xacemento arqueolóxico enigmático

"Un achado casual que deu lugar á posta en valor dun novo elemento patrimonial de Armea"

Quen o descubriu?
Por San Manuel Loureiro, veciño do Armea, cando se prepara a obra de recuperación do templo de Santa María do Armea. En 2011, un achado casual descubriu un xacemento arqueolóxico enigmático no monte do Señoríño.

Un santuario?
A súa suntuosa decoración, o seu tamaño e a súa localización, así como a súa antigüidade, fan pensar nun santuario. Actualmente, a súa función exacta é descoñecida e a súa datación precisa é un tema que se está a investigar.

A investigación
A investigación do xacemento arqueolóxico do monte do Señoríño está a ser realizada polo equipo de investigación do IGEA, do Departamento de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e o Consello de Galicia. O equipo de investigación está formado por arqueólogos, historiadores, lingüistas e especialistas en informática.

Formando e informando
Un dos obxectivos principais da investigación é a formación e o informe da comunidade local e dos visitantes. Para iso, se están realizando actividades de difusión e formación, como a realización de talleres, conferencias e actividades de campo.

As escavacións
O equipo de investigación do IGEA, do Departamento de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e o Consello de Galicia, está a realizar escavacións no monte do Señoríño. Estas escavacións están a ser realizadas en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e o Consello de Galicia.

Que aparece?
Durante as escavacións, apareceron restos arqueolóxicos de diferentes épocas, desde o período romano até o século XVIII. Entre os restos máis importantes destacan un edificio rectangular de pedra, posiblemente un templo ou un santuario, e un gran número de cerámica e ferramentas.

Que sabemos?
Desde o século I até o século VIII, o monte do Señoríño foi ocupado por un asentamento humano. Este asentamento estaba formado por un edificio rectangular de pedra, posiblemente un templo ou un santuario, e un gran número de cerámica e ferramentas. A súa función exacta é descoñecida e a súa datación precisa é un tema que se está a investigar.

Un proxecto multidisciplinar co obxectivo de investigar, conservar, formar e informar

"Grazas aos restos recuperados podemos coñecer a antigüidade do lugar, como vivían e canto tempo estiveron aquí"

Aallariz

IGEA

Consello de Galicia

Universidade de Santiago de Compostela

CONXUNTO RUPESTRE DO MONTE DO SEÑORIÑO

"Unha vivenda romana do século I d.C. ao redor dun gran poboado castrexo"

Reconstrución Montada por Carlos Páez, fotógrafo por María Lloza.

Un edificio que pode parecer un templo romano, pero que en realidade é un templo castrexo. Este templo foi construído no século I d.C. e está situado no monte do Señoríño. O templo é un edificio rectangular de pedra, con un tamaño de aproximadamente 10 metros de ancho por 15 metros de longo. O templo está rodeado por un muro de pedra, e dentro do muro hai un gran número de edificios e ferramentas.

Unha vivenda romana do século I d.C. ao redor dun gran poboado castrexo. O templo é un edificio rectangular de pedra, con un tamaño de aproximadamente 10 metros de ancho por 15 metros de longo. O templo está rodeado por un muro de pedra, e dentro do muro hai un gran número de edificios e ferramentas.

Unha vivenda romana do século I d.C. ao redor dun gran poboado castrexo. O templo é un edificio rectangular de pedra, con un tamaño de aproximadamente 10 metros de ancho por 15 metros de longo. O templo está rodeado por un muro de pedra, e dentro do muro hai un gran número de edificios e ferramentas.

Aallariz

IGEA

Consello de Galicia

Universidade de Santiago de Compostela

Figura 11. Paneis informativos colocados no monte do Señoríño.